

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

### CONVENIO ENTRE LA AGENCIA GALLEGA DE INNOVACIÓN, EL INSTITUTO GALLEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE), Y LA CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE (CEO), PARA LA PUESTA EN MARCHA DE LA INICIATIVA 'CONNECT OURENSE'

O Director da Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

#### DECLARA:

Que este Instituto ten previsto formalizar coa AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN) e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE OURENSE (CEO) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Sentar as bases de colaboración entre as partes para a posta en marcha e o desenvolvemento de CONNECT OURENSE, unha iniciativa de carácter transversal orientada a expandir os puntos de información e asesoramento cos que conta a CEO ás zonas Norte e Sur da provincia de Lugo, mediante a apertura de dous puntos de información e asesoramento, un en Viveiro/Ribadeo e outro en Monforte de Lemos; así como a realización dunha labor divulgativa e de detección de potencial innovador entre o empresariado e os emprendedores lucenses.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

*GAIN é unha axencia pública autonómica adscrita á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, creada polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, ao amparo da autorización prevista na disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que, de acordo cos seus estatutos, ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias de innovación eficientes. Para a consecución dos seus obxectivos, de acordo co artigo 10 dos seus Estatutos, poderá colaborar con outras administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado, a través dos correspondentes convenios.*

*IGAPE é un ente de dereito público, adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para o desenvolvemento económico de Galicia. A súa misión é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.*

*CEO é unha organización empresarial intersectorial sin ánimo de lucro, que ten entre os seus fins sociais, relacionados no artigo 6 dos seus Estatutos, o deseño de accións e programas en beneficio das empresas asociadas. Que en cumprimento dos seus fins sociais, a Confederación Empresarial de Ourense ven desenvolvendo unha intensa labor en favor da internacionalización, a innovación e a dixitalización das empresas ourensans por medio de distintos programas e iniciativas o que lle permitiu adquirir unha notable experiencia vinculada a estos ámbitos e á xestión de proxectos internacionais. A CEO realiza e participa activamente en actuacións que favorezcan o desenvolvemento económico empresarial, a creación de novas empresas, a xeración de emprego e a mejora no nivel de competitividade das empresas no eido da internacionalización, dixitalización e innovación.*

*Asemade, intervén como canal de transferencia de coñecemento e innovación, e posibilita que solucións avanzadas cheguen ao mercado e xeren negocio, crecemento e emprego.*

*A Xunta de Galicia aposta pola difusión e acercamento das posibilidades da innovación, a competitividade, a transformación dixital en todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado e para iso debe tecer a rede máis extensa e vertebrada posible en todo o territorio, de modo que esta cultura da innovación e a transformación dixital alcance e poida ser comprendida e interiorizada no máximo espectro empresarial en todo o territorio galego. A través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, publicou a Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, na que se recollen os plans de impulso, os enfoques estratéxicos e as medidas para impulsar en Galicia o renacemento dunha industria renovada, moderna, innovadora e competitiva a nivel global.*

*A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e a innovación de Galicia, dispón no seu artigo 2 que a mesma ten como obxectivo coordinar e potenciar os esforzos destinados a promover o coñecemento científico, contribuír eficazmente á consolidación da posición das empresas e institucións galegas no ámbito competitivo europeo e internacional, e posibilitar un cambio no modelo produtivo galego cara outro centrado na innovación. Este programa alínase, tanto coas previsións recollidas na Lei 5/2013, de fomento da investigación e a innovación de Galicia, como nas prioridades contidas na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 ("RIS3"), así como no programa marco de dita Estratexia denominado "Emprendemento Innovador". En particular, estímase esencial para a Estratexia RIS3 Galicia adoptar como prioridade a diversificación nos sectores tractores galegos e sectores auxiliares a través do uso intensivo das Tecnoloxías Facilitadoras; uso orientado á provisión de novos procesos e produtos de alto valor engadido que permitan explorar novos mercados baseados na hibridación, o coñecemento e a tecnoloxía (como, por exemplo, a industria aeroespacial).*

*A CEO, organización sin ánimo de lucro, é a principal organización empresarial da provincia de Ourense e ten entre os seus obxectivos prioritarios actuais contribuír á recuperación da provincia, xerando emprego e mellorando a cohesión económica, social e territorial. En definitiva,*

*estimular una economía intelixente, sostible e integradora, propiciando a expansión equilibrada do tecido produtivo e a súa proxeción internacional e dixital.*

*De acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta o evidente beneficio que actividades a desenvolver conxuntamente no ámbito da información, a concienciación, o asesoramento e a formación en materias imprescindibles para as empresas e de especial interese para a Xunta de Galicia, como son a innovación e a transformación dixital como medios para conseguir a competitividade presente e futura das empresas galegas, e o impacto beneficioso que iso reporta ao conxunto da sociedade, GAIN, IGAPE, e CEO, teñen interese en xuntar esforzos e poñer en común as súas sinerxías e experiencia en pro da concienciación e capacitación en innovación empresarial e transformación dixital que deberán constituír un importante estímulo ao crecemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.